CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 – 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

INVITACIÓN

XANTAR FESTA DE FIN DE CURSO

E PECHE ACTIVIDADES

Na Senra e no C.P.I. Cruz do Sar

17 de xuño de 2023

Prazo de inscrición: ata o luns, día 12 de xuño de 2023.

- Os escolares do CP.I Cruz do Sar **inscribiranse no colexio**. Poderán inscribir ao pai/nai e aos irmáns.

- Os nenos do CRA de Bergondo e da Escola Municipal de Educación Infantil **inscribiranse na súa escola**, sempre que non estean anotados/as cun irmán no C.P.I. Cruz do Sar. Poden inscribirse os pais, nais e neno/a escolarizado/a. Máximo 3 invitacións por escolarizado.

- As persoas que asisten ás actividades de Servizos sociais, **poderán inscribirse cos seus monitores**. So poderán inscribir a maiores un acompañante. Máximo 2 invitacións por inscrito.

- As persoas que estean inscritas en actividades culturais e deportivas que non se inscriban cos fillos matriculados no C.P.I. Cruz do Sar, no CRA ou na Escola Infantil Municipal, poden inscribir a maiores a un acompañante. **As invitacións para o xantar PODEN SOLICITALAS** por teléfono **na Casa da Cultura do concello, de 9.00 a 15.00 h, ata o luns, día 12 de xuño de 2023.** Para isto teñen que entregar nome, apelidos e teléfono do inscrito/a e da outra persoa. **Estas invitacións solicitadas se poden RETIRAR NA SENRA do 10 ao 16 de xuño, en horario de 15.30 a 21.30 h**.